

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2023/G005/000056.

Excmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Alcalde Presidente en funcións do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **ordinaria** da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércores**, día **27 de decembro de 2023**, ás **10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS

FOMENTO

1. APROBACIÓN DA SEGUNDA ADDENDA MODIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO ENTRE A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. E O CONCELLO DE LUGO SOBRE O FINANCIAMENTO, EXECUCIÓN, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE ACTUACIÓNS PARA REDUCIR O RISCO DE INUNDACIÓN DO RÍO RATO NO ENTORNO DA GLORIETA DA RÚA SERRA DE MEIRA. T.M. LUGO, VISTA NOVA REDACCION.

2. CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E O CONCELLO DE LUGO SOBRE A COLABORACIÓN EDUCATIVA NAS ENSINANZAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL.

PERSOAL

3. PROPOSTA NOMEAMENTO DE DOUS FUNCIONARIOS DE CARREIRA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, PARA DESEMPEÑAR AS PRAZAS DE ORDENANZA (GRUPO DE TITULACIÓN: GRUPO AP (Agrupacións Profesionais); ESCALA: ADMINISTRACIÓN XERAL; SUBESCALA: SUBALTERNA).

ACTAS E GOBERNO

RBB/arm

Refª: ispac2801812528054781867.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 27-12-2023

4. APROBACIÓN OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2023.

ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

5. SUBVENCIÓN DE CARÁCTER NOMINATIVO Á UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (Q1518001A) PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE "LUGO CULTURAL", POR IMPORTE DE 20.000,00 €.

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA

DESENVOLVEMENTO LOCAL

6. APROBACIÓN DO CONVENIO ESPECÍFICO 2024 COA COMISIÓN EUROPEA, DENTRO DO CONVENIO MARCO 2021-2025, PARA O PROXECTO EUROPE DIRECT-2021/2025 -CÓDIGO DE PROXECTO 212410201-.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ao Secretario Xeral do Pleno en substitución do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión

por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente en funcións, don Rubén Arroxo Fernández.